



Mariano Muíño Villar proclámase Campión Provincial de A Coruña de Cans de Rastro de Coello

O pasado 29 de setembro de 2007 no Tecor 'Urogallo' de Ferrol tiña lugar o XV Campionato Provincial de A Coruña de Cans de Rastro na modalidade de coello, organizada pola FGC en colaboración coa Sociedade de Caza 'Urogallo' de Ferrol.

Participaban un total de 16 lotes de cans onde predominaban os beagles e cruces de esta raza. Así pois, foi o lote conducido por Mariano Muíño Villar, formado polos beagles 'Lasi', 'Rita', 'Kati' e a griffon 'Bola', quen acadou a máxima puntuación na proba e polo tanto se proclamaba Campión Provincial. Segundo clasificado foi Francisco Rodríguez Lista cun lote de beagles formado por 'Laika', 'Luna', 'Luka' e 'Sola'. No terceiro posto rematou Luis Veiga Vázquez cun lote composto dos beagles 'Tobi', 'Aro' e 'Lira' e o leonado de bretaña 'Kiko'.



O premio ó mellor can da proba foi para 'Bola', a griffon conducida por Mariano Muíño Villar, o que remataría Campión Provincial.

CLASIFICACION FINAL

Pos.	Conductor / Propietario	Nome dos Cans	Puntos
1º	Mariano Muíño Villar	Lasi / Rita / Kati / Bola	500
2º	Francisco Rodríguez Lista	Luca / Laika / Luna / Sola	490
3º	Luis Veiga Vázquez	Aro / Tobi / Lira / Kiko	462
4º	José F. Miguens Castedo	Luna / Diva / Ulises / Tula	461
5º	Javier Lorenzo Varela	Chita / Laika / Cristina / Lara	460